

Domingo 9 Mayo de 2004

Santoral

Algerio, Beato, Gerencio, Gregorio, Her-
mas, Nicolás Albergato, Casilda, Catalina
de Bolonia y Luminosa.

Diario de Ferrol

diariodeferrrol@diariodeferrrol.com ♦ www.diariodeferrrol.com



Domingo 9.05.2004

En Covas hai una barca de pedra na que, segundo os celtas, as ánimas cruzaban o mar

Viaxe á illa da Eterna Xuventude

A Terra de Trasancos conserva moitos vestixios de civilizacións antigas, algunhos deles de vital importancia para coñecer as creenzas das xentes que poboaron esta zona ó longo dos séculos

Carmela López / Ferrol

Para un profano na materia podería tratarse dun abrevadeiro para animais ou dun útil para a hixiene personal, pero os expertos defenden que, pola súa forma e ubicación, ten unha historia moito máis interesante. Estamos a falar dunhas pezas de granito traballadas con forma de artesa que se atopan preto dalgún santuario e que, segundo as creenzas celtas, eran as barcas de pedra que se encargaban de trasladar as ánimas inmortais dos benaventurados á chamada Illa da Eterna Xuventude.

Deste asunto ten grandes coñecementos o historiador naronés Xosé Pena Graña, que nun artigo publicado hai tempo na revista do Ateneo falaba das viaxes na barca de pedra. Segundo este estudioso, nas proximidades da que durante a Idade Media fora igrexa parroquial de Santa Comba, en Covas (Ferrol), existe un peza deste tipo, tal e como se recolle na fotografía que ilustra este páxina.

A creenza dos celtas que vivían nos promontorios da Europa atlántica, que tiñan como atalaia os acantilados de Teixido, era que, cando o sol desaparecía tralo océano, se dirixía a unha bretamosa illa coñecida como Illa da Eterna Xuventude.

Ese lugar acollía as ánimas inmortais dos benaventurados que para chegar a ela precisaban cruzar o mar nunha barca conducida por un deus psicopompo.

Cando esas ánimas chegaban perto do mar atopábanse con puntos de embarque,

chamados "Areas do Paraíso", onde os agardaban as barcas de pedra xunto a santuarios e lugares de peregrinación moi concorridos, que se cristianizaron con posterioridade.

Lares Viales

Pena Graña considera que, posiblemente, estos lugares contarían con santuarios adicados aos "Lares Viales". Tal é o caso da praia e da barca de San Cristobo, que ata hai pouco tempo se conservaba, pero que algún particular levou para a súa casa. A pedra en cuestión estaba a carón dun camiño que baixada desde o santuario cara ás "Areas do Paraíso" de Brión, en Ferrol.

Ocorre outro tanto coa barca que aínda se conserva no seu sitio, na chamada Insúa do Medio, no santuario que na Idade Media foi igrexa parroquial de Santa Comba.

Trátase de barcos e lugares que logo serían cristianizados e convertidos en camiños penitenciais, como o de San Andrés de Teixido.

Estes santuarios foron o punto de embarque, onde as ánimas chegaban acompañadas polo lar vial peregrino, que sóia ser un can ou cadela.



Vista da capela de Santa Comba, coa barca de pedra en primeiro plano

Un canciño velaba polo mundo dos mortos

As ánimas eran acompañadas na súa viaxe por un canciño —en Francia aínda se chama "roquín", e deu pé o nacemento de San Roque— que tiña o cometido de velar para que os vivos non se colaran no mundo dos mortos, e viceversa. Segundo as creenzas celtas, o can

axudaba a recoller as almas polos camiños, e acompañábaas, para que non se perderan, facilitándolles a chegada a bo porto, concretamente as "Areas do Paraíso", onde esperaba a barca de pedra, lista para partir ao alén.

Miudiño

Vicente Araguas

Capilar



Como levaba tempo sen cortar o pelo, e o pelo grande complica a operación de calzar o gorro de piscina, tomo o camiño da miña perruquería habitual, unisex, con herméticas señoritas que nin dan conversa nin a peden. Mellor, que así leo aínda que con semanas de retraso —que máis ten, as súas reportaxes teñen o don do intercambiable— revistas do corazón. Nunca observo a presenza real en Palma de Mallorca, simpatiquísimos os cativos, elegantísimo Don Jaime de Marichalar e cada vez máis semellante a Mary Santpere a Infanta Elena.

A verdade é que esta perruquería é cara, pero posto que o hai, non me importa gastar os cartos no cabelo.

Hai xente, en cambio, que pasa moito do tema. O meu amigo X.M. corta o pelo en academias polo módico prezo dun euro. Di que logo das aprendizas pasa o mestre correxindo erros. Meu amigo X.M., dígame xa, é todo un forriche.

Nos sesenta íamos moito ao barbeiro por imposición paterna. Unha vez volvíno do Figaro co pelo tan pouco cortado, tan arregladito, que foi meu pai e berrou alporizado: ¡A partir de hoy te van a dar dinero Los Pekenikes!

Los Pekenikes, Hilo de seda, Lady Pepa: ¿que terá sido deles?

CENTROS ORTOPEDICOS

LE HACEMOS LA VIDA MAS FACIL

- SILLAS DE RUEDAS
- PROTESIS
- PLANTILLAS Y CALZADO
- ORTOPEDICO A MEDIDA
- CAMAS
- GRUAS
- ELEVADORES

SERVICIO TECNICO Y ATENCION A DOMICILIO

http://www.exclusivasiglesias.com
ciberbenda@exclusivasiglesias.com

El Mayor grupo de Ortopedias Gallego
Dispone de nuevo centro en Ferrol



EXCLUSIVAS IGLESIAS

AHORA EN:

Ctra. Castilla 47-49.
Tel.: 981 330 020. FERROL

